

SELECCIÓN DE DOCUMENTOS. TEMA 12. AS CORTES DE CÁDIZ E A CONSTITUCIÓN DE 1812

Documentos con *: formaron parte dalgún exame da PAU

Doc. 1.- Diario de Sesión das Cortes (24.09.1810)

“Na Real Illa de León, o día 24 de setembro do presente ano de 1810, achándose o número de Sres. Deputados propietarios das provincias que están libres do inimigo, e de suplentes, así das ocupadas por el, como dos demais dominios desta Monarquía, dos que pola súa distancia non puideran podido acudir aínda os respectivos representantes para este día que o Consello Supremo de Rexencia designou para a abertura e instalación das Cortes xerais e extraordinarias da Nación, nomeados uns e outros conforme ás instrucións e ordes publicadas e circuladas polo devandito Consello de Rexencia, e anteriormente pola suprema Xunta Central, coas convocatorias feitas por elas; e precedendo o recoñecemento dos poderes respectivos feitos en Cádiz por unha comisión de cinco Deputados.”

Doc. 2.- Diario de Sesión das Cortes (24.09.1810)

“En seguida tomou a palabra o Deputado D. Diego Álvarez Torrero e expuxo que conveniente sería decretar que as Cortes xerais e extraordinarias estaban lexitimamente instaladas: que nelas reside a soberanía; que conviña dividir os tres Poderes: lexislativo, executivo e xudicial, o que debía mirarse como base fundamental, ao paso que se renovase o recoñecemento do lexítimo Rei de España o Sr. D. Fernando VII como primeiro acto da soberanía das Cortes; declarando ao mesmo tempo nulas as renuncias feitas en Baiona, non só pola falta de liberdade, senón moi principalmente pola do consentimento da Nación. Desenvolveu estes principios con moitos e sólidos fundamentos sacados do dereito público, e da situación política da Monarquía, os cales foron despois ilustrados por moitos Señores Deputados.”

Doc. 3.- Incorporación dos señoríos xurisdicionais á nación

“Desexando as Cortes Xerais e Extraordinarias remover os obstáculos que puideran oporse ao bo réxime, aumento de poboación e prosperidade da Monarquía española, decretan:

1. Desde agora quedan incorporados á Nación todos os señoríos xurisdicionais de calquera clase e condición que sexan.
2. Procederase ao nomeamento de todas as Xustizas e demais funcionarios públicos pola mesma orde e segundo se verifica nos pobos de reguengo.
4. Quedan abolidos os ditados de vasalo y vasalaxe, e as prestacións así reais como persoais, que deban a súa orixe a título xurisdiccional a excepción dos que proceden de contrato libre en uso do sagrado dereito da propiedade. (...)
5. Os señoríos territoriais e señoriais quedan desde agora na clase dos demais dereitos de propiedade particular (...)
7. Quedan abolidos os privilexios que teñan a mesma orixe de señorío, como son os de caza, pesca, fornos, muíños, aproveitamentos de augas, montes e demais, quedando ao libre uso dos pobos. (...)
14. En diante ninguén poderá chamarse Señor de vasalos, exercer xurisdicción, nomear xuíces, nin usar dos privilexios e dereitos comprendidos neste decreto...”

Dado en Cádiz a 6 de agosto de 1811.

Doc. 4.-Declaración da constitución das Cortes, 24 de setembro de 1810*:

“As Cortes xerais e extraordinarias da Nación española, congregadas na Real Isla de León, conforme en todo coa vontade xeral (...), recoñecen, proclaman e xuran de novo polo seu único e lexítimo Rei ao Señor don


Fernando VII de Borbón; e declaran nula (...) a cesión da coroa que se di feita a favor de Napoleón, non só pola violencia que interveu naqueles actos inxustos e ilegais, senón principalmente por faltarlle o consentimento da Nación”

Doc. 5.-Composición social dos deputados das Cortes de Cádiz*:

Condición	Número	%
Clero	89	29,5
Funcionarios e cargos	82	27,2
Avogados e profesións liberais	53	17,6
Militares	42	13,9
Nobres e propietarios	23	7,6
Comerciantes e industriais	12	3,9
Total	301	100

Fonte: QuintíCasals, *La representación parlamentaria en España durante el Primer Liberalismo (1800-1836)*, Lleida, Universitat, 2014, p. 82.

Doc. 5 (bis).- Composición social dos deputados das Cortes de Cádiz:



Doc. 6.-Título I da Constitución de Cádiz “Da Nación española e dos españois”*:

“Artigo 1. A nación española é a reunión de todos os españois de ambos os dous hemisferios (...).

Artigo 2. A Nación española é libre e independente, e non é, nin pode ser, patrimonio de ningunha familia nin persoa.

Artigo 3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais (...).

Artigo 4. A Nación está obrigada a conservar e protexer por leis sabias e xustas a liberdade civil, a propiedade privada e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos que a compoñen.”

Documento 7.- A Constitución de 1812, selección de artigos

“AS Cortes Xerais e Extraordinarias da Nación española, ben convencidas, despois do máis detido exame e madura deliberación (...), decretan a seguinte Constitución política para o bo goberno e recta administración do Estado (...):

- Art.12. A relixión da Nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica e romana, única verdadeira (...)
- Art. 14. O Goberno da Nación española é unha Monarquía moderada hereditaria.
- Art. 15. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.
- Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no Rei.
- Art. 17. A potestade de aplicar as leis (...) reside nos tribunais establecidos pola lei (...)
- Art. 27. As Cortes son a reunión de todos os deputados que representan á Nación, nomeados polos cidadáns na forma que se dirá (...)
- Art. 34. Para a elección dos deputados de Cortes celebraranse xuntas electorais de parroquia, de partido e de provincia (...)
- Art. 92. Requírese para ser elixido (...) ter unha renda anual proporcionada, procedente de bens propios (...)
- Art. 168. A persoa do Rei é sagrada e inviolable e non está suxeita a responsabilidade (...)
- Art. 225. Todas as ordes do Rei deberán ir asinadas polo secretario de despacho do ramo ao que o asunto pertence (...)
- Art. 248. Nos negocios comúns, civís e criminais, non haberá máis que un só foro para todas as persoas (...)
- Art. 258. O Código civil e criminal, e o de comercio serán uns mesmos para toda a Monarquía, sen prexuízo das variacións, que por particulares circunstancias poderán facer as Cortes.
- Art. 339. As contribucións repartiranse entre todos os españoles con proporción ás súas facultades, sen excepción nin privilexio algún (...)
- Art. 355. A débeda pública recoñecida será unha das primeiras atencións das Cortes e estas porán o maior coidado en que se vaia verificando a súa progresiva extinción (...)
- Art. 362. Haberá en cada provincia corpos de Milicia Nacional, compostos por habitantes de cada unha delas, con proporción á súa poboación (...)
- Art. 366. En todos os pobos da monarquía estableceranse escolas de primeiras letras, nas que se aprenderá aos nenos a ler, escribir e o catecismo da relixión católica, que comprenderá tamén unha breve exposición das obrigas civís (...)
- Art. 371. Todos os españois teñen liberdade de escribir, imprimir e publicar as súas ideas políticas, sen necesidade de licencias, revisión ou aprobación algunha anterior á publicación, baixo as restricións e responsabilidades que establezan as leis (...)"